

EXTRACTO DE CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS NO CONCELLO DE ARZÚA DURANTE O ANO 2025.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3. b e 20.8.a de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob/es/bdnstrans/es/index>)

Primeiro. Beneficiarios.

Poderán solicitar esta subvención as entidades, organismos ou asociacións xuridicamente constituídas que cumpran os requisitos de carecer de fins de lucro, estar debidamente rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións, non ter débedas co Concello de Arzúa e demais obrigacións establecidas nos artigos 7 e 8 da ordenanza xeral de subvencións do Concello de Arzúa.

Segundo. Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto regular as normas polas que se rexerá a convocatoria pública de axudas a conceder polo Concello de Arzúa en réximen de concurrencia competitiva, para colaborar economicamente coas entidades organizadoras de festas populares nas parroquias do concello de Arzúa.

Terceiro. Bases reguladoras

As bases encóntranse publicadas na páxina web do Concello www.arzua.gal

Cuarto. Contía da axuda.

A contía máxima destas subvencións é de 18.900€. O importe de cada subvención será 900,00 € por anualidade e parroquia. No suposto de que se presente máis dunha solicitude por parroquia, terase en conta a de máis representatividade e tradición histórica.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo para presentar as solicitudes será de de 20 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP.

Documento asinado electronicamente.

O Alcalde,

Asdo.: Xoán Xesús Carril Ramos